



ASISTENTES C.I.

C.I.G.

M^a Jesús Losada Rodríguez
Federico Fernández Fernández
Rodrigo Alberte Pivida
Carlos Mollinedo Lois
Cándido Pérez Betanzos

CC.OO.

Victoria Alonso Crespo
Aser Fernández Rey
Manuel Velasco Graña
Marcos Estévez Orge (DS)*

U.G.T.

Juanjo Fernández Pérez
Concepción García Lozano
J. Andrés Zapirain (DS)*

DELEGAN VOTO

Antón García Fernández
Carmen Serra Rodríguez

AUSENTES C.I.

Arturo Casar Sarasola

***DS-** Delegado Sindical

Reunidos no 4º andar do Edificio de Ferro do Campus de Ourense o día 25 de xaneiro de 2005, ás 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 horas en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Presidente.
3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións e das reunións mantidas polos distintos membros.
4. Proposta de normativa para o intercambio de vacacións.
5. Preparación asembleas xerais.
6. Rogos e Preguntas.

A reunión é presidida por Cándido Pérez, Presidente do CI,. Antes de comezar a reunión da conta dos votos delegados que, neste caso, corresponden aos debidamente enviados por Antón García Fernández que delega en Cándido Pérez e Carmen Serra que delega en Manuel Velasco.

Así mesmo dáse conta do nomeamento do 2º delegado sindical da UGT Alfonso Calvo T.E. de transporte e distribución.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.

A acta da reunión correspondente ao 13 de xaneiro foi enviada con antelación a tódolos membros do CI. Tras corrixir algúns erros e engadir algúns matices, a acta apróbase por unanimidade á espera de que J. Andrés Zapirain envíe a proposta para a modificación referente á redacción do punto 5.

Informe do Presidente.

- Da publicación das listas provisionais das distintas convocatorias dos grupos III.
- Escrito dos traballadores con contrato temporal do CACTI, dirixido a Ángel Rodríguez de Lera.
- Escrito enviado por Pepe Lamas técnico de análise instrumental no CACTI.
- Invitación aos actos de San Tomé.
- Da chegada ao Comité da Memoria do Consello Social.
- Das convocatorias das Asembleas.
- Do cambio de quenda solicitado por X. L. Rios Beis.

Tras o informe Carlos Mollinedo pregunta se as prazas dos traballadores do CACTI son pagadas por proxectos de investigación ou son prazas estruturais e se o escrito ía dirixido ó Comité. Cándido contesta que son contratados como tantos outros con financiamento alleo, e que o escrito ía dirixido tanto o Director do CACTI coma ó Comité



2. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.

- **Reunión mantida cos bolseiros da convocatoria Parga Pondal**

O Presidente da conta que o 19 de Xaneiro mantívose unha reunión con tres representantes deste colectivo, que se trata de doutores pagados con bolsas da Xunta de Galicia para desenvolve o seu labor investigador nas Universidades, asemade, informa de que no mes de abril de 2004 este colectivo se constituíu en asociación para organizar a defensa dos seus intereses e expuxeron o seguinte:

- a) Teñen un tipo de contrato en prácticas
- b) Os salarios que están a percibir son de contía inferior á media de outro tipo de convocatorias similares
- c) Trátase de contratos coa fórmula de 2+2 nos que a renovación está moi ligada ao visto e prace do director de proxecto e non a razóns obxectivas
- d) Situación na que se atopa a proposta de redacción do Regulamento dos equipos Investigadores

Se lles respondeu que dende o Comité se atopan moitas dificultades para representalos, e tras poñerse a súa disposición transmitíuselles a intención de solicitar no próximo Convenio Colectivo a creación de un 3º colexio electoral a través do que poderán escoller aos seus representantes.

Carlos Mollinedo solicita máis información sobre este persoal, Manuel Velasco detalla un pouco máis o contido da reunión e remite á información contida na convocatoria do DOG (9/05/03) Zapiraín puntualiza que a UGT ten clara a súa postura con respecto a este colectivo.

- **Reunión cos T.E. de Xardinería.**

O Presidente, da conta do que se tratou na reunión co persoal deste servizo, sendo o máis salientable o seguinte:

- Denuncia dos problemas que teñen coa OMA dende xaneiro de 2004.
- Suspensión da reunión que ese día tiñan co director da OMA e solicitude de reunión co Xerente telefonicamente.

- Na reunión co Xerente tras a exposición do caso, este, transmite que non tiña coñecemento da situación posto que non fora convocado á primeira reunión de xaneiro de 2004, despois de lembrarlle que calquera modificación relativa á RPT ten que ser comunicada ó Comité, o Xerente propón que os T.E. de xardinería pasen a depender temporalmente da OMA, solicitáselle que nos envíe esa resolución por escrito.

- **Reunión Comisión de Empleo**

Pola CIG, en vez de Rodrigo Alberte asistiu Cándido Pérez.

Na reunión falouse da listas de agarda de axudantes de biblioteca, da necesidade dun auxiliar administrativo para o servizo de prevención, da contratación dun TSTIC para o servizo de xestión, da contratación dun auxiliar administrativo de apoio ao Campus de Pontevedra e da apertura da Biblioteca de Torrecedeira en fin de semana.



Apertura de Torrecedeira en fin de semana

Tras unha primeira reunión da comisión na que se contempla a posibilidade de contratar a dúas persoas para a biblioteca e outras dúas para conserxería, de tal maneira que se fagan dous contratos de 35 horas, hai unha segunda reunión na que se decide a contratación de dúas persoas en quendas de mañá e tarde. Coma a proposta feita pola Xerencia é rexeitada polo Comité e o acceso anunciado ás instalacións que propoñen non é o idóneo, acórdase presentarse a primeira hora da mañá no despacho do Xerente e solicitarlle que solucione este problema ante a inminente apertura. Ao longo da reunión do Comité o Xerente púxose en contacto telefónico co Presidente e este xa lle solicitou a entrevista para o día seguinte.

3. Proposta de normativa para o intercambio de vacacións.

Carlos Mollinedo presenta e explica ó Comité unha proposta de Normativa para regular o Intercambio de Vacacións, que tras unha serie de puntualizacións a proposta é aprobada por unanimidade.

4. Preparación das asembleas xerais.

Acordase a seguinte estrutura para o desenvolvemento das asembleas:

- a. Informe do presidente
 - Referencia os acordos do Comité e os escritos enviados.
 - RPT Retribucións
 - OFOE
 - Listas de agarda
 - Complementos de Xornada e dispoñibilidade
 - Xubilación
 - Incorporación da Escola de Relacións Laborais e transformacións
 - Traballo en sábado
- b. Negociación colectiva. Novo Convenio
- c. Rogos e preguntas

5. Rogos e preguntas.

Non hai



Acordos:

- **Reunirnos o 26 de xaneiro co xerente para resolver a contratación de persoal de fin de semana na Biblioteca de Torrecedeira.**

Fdo: Manuel Velasco Graña
(Secretario)

VºBº: Cándido Pérez Betanzos
(Presidente)